



ASUNTO: INFORME SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS DE MEDIO PRAZO

GRUPO DE CONSOLIDACIÓN: Entidade, XMU, Fundacións: MARCO, C.BUERAU e FAIMEVI

PERÍODO: 2020-2022 MARCO ORZAMENTARIO

MINISTERIO: HACIENDA

PRAZO LÍMITE DE REMISIÓN: 15/03/2019

En cumprimento do previsto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, as Administracións Públicas elaborarán un plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos seguintes:

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumprimento co obxectivo de sustentabilidade financeira, que ten a súa expoñente no coeficiente de débeda pública.

Cumprimento co obxectivo de sustentabilidade da débeda comercial.

Cumprimento coa regra de gasto de acordo á evolución da taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía Española.

Así mesmo, este marco servirá para dar cumprimento ao requirimento previsto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, sobre as liñas fundamentais do Orzamento que serán remitidas antes do 15 de setembro de cada ano.

O período que conterá o marco, ten que abarcar tamén a previsión de Liquidación do ano precedente, neste caso, a do orzamento do ano 2019.

I.- PRAZO E CONTIDO MÍNIMO DO PLAN

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
- As proxeccións dos principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

- Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.
- A información sobre os pasivos contingentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.
- O período mínimo é de tres anos

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

III.- DETALLE DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO

- As proxeccións dos conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

O Ministerio de Facenda, está a requirir que antes do día 15/03/2019, por ser este o último día que está aberta plataforma, se faga a remisión da información sobre os marcos orzamentarios para o período 2020-2022, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do MINHAC.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación ten causa na transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAC para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

- Entidade Local
- Xerencia Municipal de Urbanismo
- Fundación MARCO
- Fundación C.BUREAU
- Fundación: FAIMEVI

IV.- TAXA DE REFERENCIA DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Acordo prorrogado ao non ser aprobado polas Cortes Xerais o acordo do Consello de ministros de 20 de xullo de 2018. Non hai a esta data información sobre os obxectivos 2021-2022,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 4 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

polo que, tendo en conta as estimacións do PIB, mantense a TRCPIB prevista para o ano 2020.

Os acordos adoptados sobre o cumprimento das regras fiscais foron os seguintes:

Consello de Ministros, sesión do 7 de xullo de 2017.

Congreso dos Deputados, Pleno do 11 de xullo de 2017.

Senado, Pleno do 12 de xullo de 2017.

Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB		
Subsectores	2019	2020
Administración Central	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-0,90%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%
Total	-1,30%	-0,50%

Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB		
Subsectores	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	69,50%	67,60%
Comunidades Autónomas	23,30%	22,40%
Entidades Locais	2,60%	2,50%
Total	95,40%	92,50%

Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB)		
Subsector	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,80%

V.- ORZAMENTO DE PARTIDA AOS EFECTOS DE FIXAR O MARCO ORZAMENTARIO

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación cos marcos orzamentarios para o período 2020-2022, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2018, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 13/02/2019, da que se deu conta ao Pleno do Concello en sesión do 27/02/2019.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N^o: 61/142

Os límites orzamentarios para o ano 2019 están calculados sempre dentro das variacións da TRCPIB, 2,7%. Para o ano 2020, 2,80%. Non está aprobada ningunha TRCPIB para os anos 2021-2022.

En todo caso, en relación coa Regra de Gasto, a redacción actual da orde HAP/ 2105/2012 de 1 de outubro, pola modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o cumprimento da Regra de Gasto non se require na aprobación do Orzamento. No Marco orzamentario se solicita previa a sinatura, se se considera ou non se vai a dar cumprimento a este obxectivo. Tampouco se aplica a avaliación da porcentaxe de inexecución por capítulos.

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin reaxuste de servizos. As variacións contidas neste marco, teñen causa nas directrices que forman parte do expediente dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda coa estrutura de competencias vixentes e consolidadas.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes operadas pola entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos. En aplicación da normativa citada, non hai maiores cargas orzamentarias en relación con novos servizos, estando reflectidas as dotacións para dar cobertura ás obrigas que se estiman van xurdir da execución das competencias en vigor.

VI.- COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 6 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N^o: 61/142

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar ou rexeitar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación. Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda, os marcos orzamentarios correspondentes ao período 2020-2022, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das variacións que xurdan e alteren o marco.

VII.- CRITERIOS TIDOS EN CONTA PARA A FORMACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS

Para o ano 2019, o Marco Orzamentario vai a reflectir os estados de liquidación previstos, que se manteñen os criterios previstos no PEF. En relación cos anos 2020-2022, estase a avaliar as previsións iniciais tanto no estado de gastos como no de ingresos.

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.3, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista para os capítulos I, II e III. Na análise tómanse en consideración os tres últimos anos, tendo en conta a recadación do orzamento corrente e os da agrupación de pechados. Engádense os axustes da conta 413 e os correspondentes a compensación con MINHAC.

2016		2017		2018		Previsto 2019	
P. Inicial	Recadación	P. Inicial	Recadación	P. Inicial	Recadación	P. Inicial	Recadación
103.832,00	104.482,00	105.386,00	106.219,00	107.973,00	108.457,00	108.961,00	109.647,00
7.710,00	8.142,00	7.872,00	8.477,00	8.435,00	9.051,00	8.494,00	9.114,00
38.072,00	39.144,00	38.326,00	39.212,00	39.812,00	41.189,00	41.405,00	42.838,00

O informe reflicte os cadros correspondentes aos devanditos axustes así como a contía neta en cada un dos anos.

Os axustes de recadación tan só afectan á Liquidación do ano 2019, xa que para o marco orzamentario (2020-2022), a serie histórica amosa que a recadación do Orzamento corrente máis a de exercicios pechados, supera a previsión inicial de ingresos, polo que non se fan axustes de recadación.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

Os axustes de ingresos que se fan no período do marco Orzamentario, alcanzan aos pagos por compensación que reflicten os formularios do MINHAC polas retencións correspondentes á Liquidación negativa da Cesión de Impostos e FCF dos anos 2008-2009.

Tendo en conta as directrices achegadas para a formación do Marco Orzamentario, os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

Para os ingresos, a análise de partida ten a súa orixe na Liquidación do ano 2018 e a avaliación previa dos ingresos liquidados previstos para ano 2019.

En canto a previsión de liquidación do ano 2019, os estados de gastos e ingresos están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos anos e o contexto actual, de aí, que se manteñan practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos para a formación do proxecto orzamentos do ano 2019. A liquidación prevista é coincidente coa contida avaliada na formación do PEF aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 27/12/2019.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2020-2022, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2018 e a previsión de Liquidación do ano 2019. Os estados de información que se enviarán ao MINHAC engloba o período correspondente ao 2019-2022 (Liquidación 2019 e Marco 2020-2022).

VIII.- ÍNDICE DE EXECUCIÓN PREVISTA PARA O ANO 2019 E VARIACIÓN PARA OS ANOS 2020/2022

Os criterios tidos en conta para avaliar a execución do estado de gastos, ten a súa orixe na serie histórica. Como se pode verificar, o criterio tido en conta, sempre é dunha execución maior que a media, garantindo deste xeito que se vai dar cumprimento á Liquidación prevista para o ano 2019, tomando os mesmos criterios que os aplicados ao Plan Económico-Financeiro.





ANÁLISE TENDENCIAL DE EXECUCIÓN DO GASTO E VARIACIÓN DOS INGRESOS

Execución do estado de gastos

Cap.	% DE EXECUCIÓN ESTADOS GASTOS CONSOLIDADOS				
	ANOS				
	2016	2017	2018	Previsto 2019	Previsto 2020
1	94,24%	90,11%	93,09%	95,00%	95,00%
2	92,47%	92,37%	91,43%	94,00%	94,00%
3	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
4	95,08%	95,75%	91,79%	96,00%	96,00%
6	30,01%	51,43%	57,44%	70,00%	70,00%
7	82,68%	94,58%	27,57%	95,00%	95,00%

Variación prevista do gasto e ingreso

Capítulo	PORCENTAXE DE VARIACIÓN GASTO/INGRESO				
	GASTOS		INGRESO		
	Ano	Ano	Ano	Ano	Ano
	2020	2021/2022	2020	2021	2022
1	2,50%	1,00%	2,00%	1,00%	1,00%
2	1,00%	0,50%	2,00%	1,00%	1,00%
3			2,00%	1,00%	1,00%
4	0,50%	0,50%	2,00%	1,50%	1,00%
5	0,00%	0,00%	2,00%	1,00%	1,00%

IX.- ESTADO DE GASTOS

Capítulo I

Os Gastos do capítulo I, para o ano 2019 tivo unha previsión inicial de crecemento do 2,5% ao que se engadiu o diferencial correspondente ao ano 2018 segundo o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo.

Tal e como se fixo constar na formación do Plan Económico Financeiro aprobado polo Pleno en sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2019, a execución en termos de liquidación estímase nun 95% das dotacións.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N°: 61/142

Polo que se refire á plantilla, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación para a formación do Orzamento do ano 2019, un total de 1.431 postos de traballo, dos que 306 atópanse vacantes (á data de emisión do informe pola Sra Xefa de Área de Recursos Humanos e Formación).

En canto aos anos 2020-2022, como a información hai que avaliala en termos de previsión inicial non de execución, tomouse como base de cálculo as previsións iniciais do ano 2019, e sobre a mesma, aplícanse os criterios que figuran nas directrices que forman parte do expediente do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, e para o capítulo 1 (gastos de persoal), o previsto no II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo.

Engádesse a esa porcentaxe os gastos das Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU correspondentes ao capítulo de persoal. A fundación FAIMEVI, está en liquidación.

Capítulo II

O capítulo II no ano 2019 está calculado en termos de liquidación, polo que, as obrigas previstas son inferiores que as inicialmente orzamentadas, sendo as previsións de execución dun 94%. En relación co período 2020-2022, aválase en termos de gasto inicialmente previsto, polo que, tomando como referencia os créditos iniciais do orzamento consolidado do ano 2019, aplícase unha variación tendencial que se reflicte nas directrices e reproducida na táboa do apartado VIII. Nos estados de referencia, reflíctese o gasto das Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU, xunto coas da Entidade e o OO.AA (XMU). Non se reflicte novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algún gasto é a costa de diminuír outro como fonte compensatoria de financiamento (pay-go).

Engádesse na estimación de gasto, aqueles que teñen a consideración de gasto corrente e que teñen a súa orixe na Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. A estes efectos, avalíouse a primeira anualidade no ano 2018, e terán a súa repercusión nos anos 2019 -2021.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 10 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

Para o período 2020-2022, a xustificación na variación neta do gasto nun 1%₍₂₀₂₀₎ e 0,5%_(2021/2022), está en que no ano 2019, están dotadas certas obrigas que teñen causa en resolucións da xurisdición contencioso-administrativa, que non son proxectables aos exercicios seguintes, polo que a variación neta é limitada. Tamén hai que considerar a nula variación que experimentan os contratos pola aplicación do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Na previsión da execución correspondente ao ano 2019, está computada a modificación orzamentaria número 7/2019, Expediente: 100/143, de incorporación de remanentes por unha contía de 32.176.404,51 euros, que ten un impacto neste capítulo de 1.674.445,14 euros.

Capítulo IV

Nas previsións feitas, estanse a manter a transferencia as Fundacións, as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, axudas aos usuarios do Transporte urbano colectivo, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente do ano 2019 é a proxectada para o marco orzamentario.

Ao tratarse de estados consolidados, están eliminadas as transferencias internas entre o Concello e o OA. Xerencia Municipal de Urbanismo e a que fai o Organismo ao Concello. Do mesmo xeito, elimínase as transferencias de financiamento non finalista que se fai ás Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU, xa que están incluídas dentro do perímetro de consolidación aos efectos do SEC-2010, Regulamento (UE) nº 549/2013.

Proxección de variación prevista, 0,5% anual.

Capítulo V.- Fondo de continxencia.

Sin variación. O artigo 31 da LOEPSF, regula o fondo de continxencia. A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias.

A Base 5ª bis das de Execución do Orzamento, desenvolve os criterios de aplicación e contía.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N°: 61/142

Capítulo VI

O capítulo de investimentos, ademais do financiamento propio, ten previsto o cofinanciamento doutras administracións.

Na previsión da execución do Orzamento do ano 2019, está engadida a incorporación de remanentes que afecta a este capítulo por unha contía de 30.302.602,24 euros. As modificacións cuantitativas que se tramiten no se estiman, xa que terán financiamento afectado, polo que non terán repercusión nos obxectivos de cumprimento das regras fiscais.

En relación coa porcentaxe de execución dos créditos definitivos, espérase que cheguen a fase de recoñecemento da obriga unha porcentaxe do 66%-70%.

Para o horizonte 2020/2022, entre os investimentos que van a ser financiados con acordos de cofinanciamento doutras administracións, están os que se corresponden coas anualidades do FEDER, Programa EDUSI, Ministerio de Fomento pola anualidade do túnel de acceso á Estación do AVE e axustes de financiamento dos convenios vixentes coa Excm. Deputación de Pontevedra.

As contías total con financiamento polos distintos axentes cofinanciadores públicos, e a seguinte:

Capítulo	INGRESOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
7	16.576.285,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00

Estase a tomar a información sobre a base do Plan de Investimento Financiamento 2019-2022 (PAIF). Os investimentos de cada un dos exercicios do Marco Orzamentario, van a estar condicionados pola execución, polo que si algún dos proxectos previstos para o ano 2019, non chegase a fase de adxudicación e teñen financiamento afectado na súa totalidade ou en parte, habería que volvelo a orzamentar no ano 2020. O mesmo criterio se aplicaría para o ano 2020, 2021 e 2022.

As circunstancias que afectan aos proxectos de investimentos pola incorporación dos informes sectoriais, pode, e de feito así acontece, atrasar en moitos casos a data inicial de execución do proxecto.





X.- INGRESOS

As previsións no estado de ingresos, en canto a contía da cesión dos Tributos do Estado que veñen representados pola cesión do IRPF, IVE e II.EE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para o período 2020-2022, prevese unha variación do 2% para o ano 2020 e do 1% para os anos 2021/2022. As previsións do PIB non prevén unha diminución na recadación dos tributos do Estado, estando prevista unha variación positiva do PIB do 2,2% para o ano 2020 e do 2,1% para o ano 2021. Ademais, hai que ter en conta que as variacións que se teñen que producir no sistema de financiamento das EE.LL, en ningún caso van a aportar menos recursos que o sistema actual, polo tanto, a previsión dun crecemento do 2% no ano 2020, un 1% para os anos 2020/2021, é inferior que a TRCPIB para o ano 2020, fixada no 2,8%. Para o ano 2021/2022 no está aprobada a TRCPIB, aínda que, tendo en conta o sistema de cálculo $((5 \text{ PIBs reais}_{(n-5)} + \text{PIB}_{(n)} + 4 \text{ PIBs futuros}_{(n+4)})/10$, non é probable que sexa inferior ca do ano 2020, de feito, a aprobada polo Consello de Ministros o 20/07/2018, que non foi aprobada polas Cortes, fixaba unha TRCPIB para o ano 2021 do 3,1%.

En relación cos ingresos propios, non se prevé unha variación dos mesmos, máis aló da taxa de variación natural dos índices específicos que lle sexan de aplicación nas ordenanzas reguladoras (variación interanual abril_(n-1; n)), polo que se vai a aplicar o 2% para o ano 2020 e o 1% para os anos 2021/2022.

En relación cos tributos propios (IBI, IAE, IVTM, IIVTNU e ICIO), a base de cálculo é a prevista no Orzamento do ano 2019, base coherente coa do ano 2018, que resultou superior que a inicialmente prevista.

A variación do capítulo III, tamén se prevé unha variación na mesma porcentaxe.

Capítulo IV. A contía do FCF, representa un 84% das previsións deste capítulo, que a súa vez, contempla a Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, o Plan de dependencia, o cofinanciamento do CEDRO e a axuda estatal ao transporte público. O criterio de evolución é o mesmo que o previsto para o resto dos capítulos, 2% no ano 2020 e 1% para os os anos 2021/2022.

No capítulo VII, reflíctense os acordos e convenios vixentes, segundo a táboa do epígrafe IX, na que figuran como axentes cofinanciadores de proxectos:





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

Excm. Deputación de Pontevedra

FEDER, Programa EDISI,

Ministerio de Fomento pola anualidade do túnel de acceso á Estación do AVE.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao marco orzamentario, son o resultado da consolidación en relación coa Liquidación do ano 2018 e o orzamento aprobado para o ano 2019 e as previsións de Liquidación do Orzamento do ano 2019. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo XMU e as Fundacións MARCO, FAIMEVI e CONVENTION BUREAU, deducindo as transferencias de financiamento que se producen entre a Entidade e o OO.AA e entre este e a Entidade Local así como as da Fundacións que conforman o grupo Concello de Vigo.

En aplicación da guía do MINHFP, para o ano 2019, os datos a reflectir son os da Liquidación previsible, mentres que para o período 2020-2022, se reflectirá as previsións do orzamento inicial.

XI.- AXUSTES

No ano 2019, como os datos reflecten a previsible liquidación, faise o axuste de recadación e a compensación pola Liquidación negativa no FCF e Cesión de Impostos dos anos 2008-2009 así como a variación da conta 413.

Para os seguintes anos 2020/2022, non se consideran outros axustes, coa excepción da compensación polas liquidacións negativas da Participación nos tributos do Estado dos anos 2008/2009, xa que as previsións iniciais de ingresos nos capítulos I a III, son o resultado da recadación do exercicio corrente e pechados, de aí, que non se faga un axuste na recadación en relación coas previsións iniciais, sendo a recadación definitiva de exercicios correntes e pechados por unha contía superior que as previsións iniciais.

Nos restantes capítulos, as liquidacións nos capítulos IV e VII, prodúcense cando se cumpre o compromiso, é dicir, cando hai recoñecemento da obrigas do gasto elixible, polo que, nestes capítulos non hai axustes.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 14 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N°: 61/142

ESTADOS ORZAMENTARIOS PREVISTOS

Vaise a reflectir por separado os orzamentos de cada unha das institucións que conforman o grupo de consolidación do Concello de Vigo, para que, unha vez feitos os axustes de consolidación por operacións internas, reflectir os estados consolidados.

ENTIDADE, INGRESOS E GASTOS

Capítulo	INGRESOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
1	111.597.669,80	111.140.034,36	112.251.434,70	113.373.949,05
2	8.918.183,40	8.663.378,16	8.793.328,83	8.881.262,12
3	42.861.161,25	40.057.160,04	40.457.731,64	40.862.308,96
4	80.193.073,39	81.796.934,86	83.023.888,88	83.854.127,77
5	2.959.796,00	3.680.604,00	3.711.410,04	3.742.524,14
Total ICNF	246.529.883,84	245.338.111,42	248.237.794,10	250.714.172,04
6				
7	16.576.285,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
TICa.NF	16.576.285,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
Total INF	263.106.169,32	250.126.602,22	251.836.616,64	255.714.172,04
8	570.350,00	646.000,00	646.000,00	646.000,00
9				
Total INGR.	263.676.519,32	250.772.602,22	252.482.616,64	256.360.172,04

Capítulo	GASTOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
1	64.488.562,44	69.579.764,73	70.275.562,38	70.978.318,00
2	117.445.370,63	124.500.112,90	125.122.613,46	125.748.226,53
3				
4	32.609.853,90	34.138.440,80	34.138.440,80	34.138.440,80
5		600.000,00	600.000,00	600.000,00
Total GCNF	214.543.786,97	228.818.318,43	230.136.616,64	231.464.985,33
6	42.080.640,55	20.308.283,79	20.700.000,00	23.249.186,71
7	1.121.100,10	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00
TGCa.NF	43.201.740,65	21.308.283,79	21.700.000,00	24.249.186,71
Total GNF	257.745.527,62	250.126.602,22	251.836.616,64	255.714.172,04
8	570.350,00	646.000,00	646.000,00	646.000,00
9				
Total GAST	258.315.877,62	250.772.602,22	252.482.616,64	256.360.172,04





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

AXUSTES

De consolidación

	AXUSTES/2019		AXUSTES/2020	
	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS
CONCELLO	-6.745.000,00	-1.368.856,73	-6.845.000,00	-1.403.078,15
XMU	-1.368.856,73	-5.940.000,00	-1.403.078,15	-6.040.000,00
MARCO	0,00	-605.000,00		-605.000,00
C.BUREAU		-200.000,00		-200.000,00
FAIMEVI		0,00		

	AXUSTES/2021		AXUSTES/2022	
	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS
CONCELLO	-6.905.000,00	-1.417.109,00	-6.966.000,00	-1.431.280,00
XMU	-1.417.109,00	-6.100.000,00	-1.431.280,00	-6.161.000,00
MARCO	0,00	-605.000,00	0,00	-605.000,00
C.BUREAU		-200.000,00		-200.000,00
FAIMEVI		0,00		0,00

ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Capítulo	INGRESOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
1				
2				
3	1.325.369,00	1.372.002,00	1.385.722,02	1.399.579,24
4	6.348.980,00	6.605.000,00	6.446.569,48	6.500.000,00
5	9.800,00	10.200,00	10.200,00	10.200,00
Total ICNF	7.684.149,00	7.987.202,00	7.842.491,50	7.909.779,24
6	0,00			
7	316.350,00	0,00	0,00	0,00
TICa.NF	316.350,00	0,00	0,00	0,00
Total INF	8.000.499,00	7.987.202,00	7.842.491,50	7.909.779,24
8	21.250,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00
9				
Total INGR.	8.021.749,00	8.012.202,00	7.867.491,50	7.934.779,24





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

GASTOS				
Capítulo	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
1	3.863.600,60	4.168.621,70	4.210.307,92	4.251.410,99
2	1.778.016,06	1.891.506,45	1.900.963,98	1.910.468,80
3				
4	1.368.857,73	1.403.079,17	1.417.109,96	1.431.281,06
5				
Total GCNF	7.010.474,39	7.463.207,32	7.528.381,86	7.593.160,85
6	228.738,17	473.994,68	264.109,64	266.618,39
7	347.500,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00
TGCa.NF	576.238,17	523.994,68	314.109,64	316.618,39
Total GNF	7.586.712,56	7.987.202,00	7.842.491,50	7.909.779,24
8	21.250,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00
9				
Total GCNF	7.607.962,56	8.012.202,00	7.867.491,50	7.934.779,24

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO GRUPO DE CONSOLIDACIÓN

Neste apartado vanse a reflectir os estados previsionais dos orzamentos destas institucións, cuxa contía ten a súa orixe na Liquidación do orzamento do ano 2018 e na aplicación da TRCPIB.

Estas institucións, ao formar parte do grupo de consolidación, teñen que suxeitarse as variacións que obrigan ao grupo.

MARCO				
CONCEPTO	Liqu.2019	INGRESOS		
		Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
Achegas	760.000,00	770.000,00	780.000,00	780.000,00
Outros	60.000,00	65.000,00	65.000,00	70.000,00
Total INF	820.000,00	835.000,00	845.000,00	850.000,00
GASTOS				
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev. 2022
Personal	367.307,00	374.654,00	378.400,54	382.184,55
Actividade	398.787,00	460.346,00	466.599,46	467.815,45
Total GCNF	766.094,00	835.000,00	845.000,00	850.000,00





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

C.BUREAU				
CONCEPTO	INGRESOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
Achegas	480.000,00	485.000,00	485.000,00	490.000,00
Outros	3.000,00	3.000,00	5.000,00	5.000,00
Total INF	483.000,00	488.000,00	490.000,00	495.000,00
GASTOS				
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev. 2022
Persoal	164.779,00	168.074,58	169.755,33	171.452,88
Actividade	285.070,00	319.925,42	320.244,67	323.547,12
Total GCNF	449.849,00	488.000,00	490.000,00	495.000,00

FAIMEVI				
CONCEPTO	INGRESOS			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
Achegas				
Outros	15.000,00			
Total INF	15.000,00			
GASTOS				
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev. 2022
Persoal				
Actividade	15.000,00			
Total GCNF	15.000,00			

INGRESOS CONSOLIDADOS GRUPO				
Capítulo	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
1	111.597.669,80	111.140.034,36	112.251.434,70	113.373.949,05
2	8.918.183,40	8.663.378,16	8.793.328,83	8.881.262,12
3	44.264.530,25	41.497.162,04	41.913.453,66	42.336.888,20
4	79.668.196,66	81.408.856,71	82.413.349,36	83.226.847,77
5	2.969.596,00	3.690.804,00	3.721.610,04	3.752.724,14
Total ICNF	247.418.176,11	246.400.235,27	249.093.176,60	251.571.671,28
6				
7	16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
TICa.NF	16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
Total INF	264.310.811,59	251.188.726,07	252.691.999,14	256.571.671,28
8	591.600,00	671.000,00	671.000,00	671.000,00
9				
Total INGR.	264.902.411,59	251.859.726,07	253.362.999,14	257.242.671,28





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

INGR.CONOLIDADOS DESGLOSE IMPOSTOS /CESIÓN /FCF					
Capitulo	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022	
1+2	120.515.853,20	119.803.412,52	121.044.763,54	122.255.211,17	
IBI	69.682.000,00	69.808.800,00	70.506.888,00	71.211.956,88	
IAE	13.800.000,00	14.076.000,00	14.216.760,00	14.358.927,60	
IVTM	14.679.000,00	14.972.580,00	15.122.305,80	15.273.528,86	
IIVTNU	7.941.227,20	6.652.134,00	6.743.612,23	6.792.321,14	
ICIO	2.200.000,00	1.836.000,00	1.872.720,00	1.910.174,40	
CESION	12.213.626,00	12.457.898,52	12.582.477,51	12.708.302,29	
3	44.264.530,25	41.497.162,04	41.913.453,66	42.336.888,20	
4	79.668.196,66	81.408.856,71	82.413.349,36	83.226.847,77	
FCF	65.971.424,00	67.290.852,48	67.963.761,00	68.643.398,61	
Resto 4	13.696.772,66	14.118.004,23	14.449.588,36	14.583.449,16	
5	2.969.596,00	3.690.804,00	3.721.610,04	3.752.724,14	
I.CO.NF	247.418.176,11	246.400.235,27	249.093.176,60	251.571.671,28	
6					
7	16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00	
I.CA.NF	16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00	
INF	264.310.811,59	251.188.726,07	252.691.999,14	256.571.671,28	
8	591.600,00	671.000,00	671.000,00	671.000,00	
9					
Total INGR.	264.902.411,59	251.859.726,07	253.362.999,14	257.242.671,28	

GASTOS CONSOLIDADOS GRUPO					
Capitulo	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022	
1	68.884.249,04	74.291.115,01	75.034.026,17	75.783.366,42	
2	119.922.243,69	127.171.890,77	127.810.421,57	128.450.057,90	
3					
4	25.864.854,90	27.293.441,82	27.233.441,76	27.172.441,86	
5		600.000,00	600.000,00	600.000,00	
Total GCNF	214.671.347,63	229.356.447,60	230.677.889,50	232.005.866,18	
6	42.309.378,72	20.782.278,47	20.964.109,64	23.515.805,10	
7	1.468.600,10	1.050.000,00	1.050.000,00	1.050.000,00	
TGCa.NF	43.777.978,82	21.832.278,47	22.014.109,64	24.565.805,10	
Total GNF	258.449.326,45	251.188.726,07	252.691.999,14	256.571.671,28	
8	591.600,00	671.000,00	671.000,00	671.000,00	
9					
Total GAST	259.040.926,45	251.859.726,07	253.362.999,14	257.242.671,28	





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

AXUSTES POLA LIQUIDACIÓN NEGATIVA PIE 2008/2009

AXUSTES LIQUI/2008/2009, PIE		
CONCEPTO	ano	Importe
Liquidación negativa	2008	543.137,28
Liquidación negativa	2009	2.110.929,24
Total GAST		2.654.066,52

AXUSTES CONTA 413

AXUSTES CONTA 413/2019					
Aplicación	01/01/2019	Cargos	Abonos	A 31/12/2019	± DÉFICIT/2019
1650.2210000	642.524,99	642.524,99	550.000,00	550.000,00	-92.524,99
1710.2279901	107.084,10	107.084,10		0,00	-107.084,10
9340.2270800	250.000,00	250.000,00	0,00	0,00	-250.000,00
TOTAL	999.609,09	999.609,09	550.000,00	550.000,00	-449.609,09

AXUSTES DE RECADACIÓN

AXUSTES DE RECADACIÓN/2019				
CAP.	DR CONS.	RECADAC.	Menor Déficit	Mayor déficit
1	111.597.670	109.467.000		-2.130.670
2	8.918.143	9.114.000		195.857
3	43.460.003	42.838.000		-622.003
Total GAST				-2.556.817

TOTAL AXUSTES

TOTAL AXUSTES				
CONCEPTO	Liqu/2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev. 2022
Liqu/2008/2009	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
Recadación	-2.556.816,52			
Conta 413	449.609,09			
TOTAL	546.859,09	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52





CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA

	CAPACIDADE NECESIDADE DE FINANCIAMENTO			
	Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
Sal op.Cor	32.746.828,48	17.043.787,67	18.415.287,10	19.565.805,09
Sal.op.cap.	-26.885.343,34	-17.043.787,67	-18.415.287,10	-19.565.805,09
Sal.OP.N.F	5.861.485,14	,00	,00	,00
Axustes	546.859,09	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
cap/neces.	6.408.344,23	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
Débeda	,00	,00	,00	,00
Ratio débeda	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%

A diferenza en relación co contido do Plan Económico Financeiro para o ano 2020, e que no Plan a análise faise sobre a Liquidación Orzamentaria e neste caso, o marco avalíase sobre as previsións iniciais orzamentarias.

XII.- CONCLUSIÓNS

As previsións de gastos para o período 2020-2022, suxeitáronse á TRCPIB e as variacións tendencias, avaliando en cada caso, os convenios asinados e as achegas doutras administracións.

A avaliación da execución previsible por capítulos, ten o seu fundamento nas ratios de execución dos últimos anos, aplicando unha execución de 2 puntos por enriba, polo que se está a considerar unha execución de máximos.

Sobre os créditos iniciais do capítulo 1, dotación obrigatoria para dar cobertura orzamentaria a todas os postos que conforman a RPT, aos efectos do cumprimento da regra fiscal de gasto, se procedería a facer o axuste de inexecución polas vacantes non asociadas a ningunha OEP, polo que este capítulo terá un axuste importante en relación cos créditos iniciais, se prevé unha execución do 95%.

O mesmo criterio é aplicable ao capítulos 2, é obrigatoria facer as dotacións orzamentarias axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación suficiente para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano. No entanto o anterior, en aplicación do Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente N°: 61/142

Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010) e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, o gasto computable é en termos de obrigas recoñecidas.

A execución esperada nos termos do SEC-2010, prevese nun 94%.

Para o capítulo 4, as obrigas previstas computables, estarán arredor do 96%.

Para o capítulo 6, tendo en conta a incorporación de remanentes, o índice de execución imputable ao ano 2019, será próximo ao 70%.

Consecuencia do anterior, as diferencias entre as dotacións iniciais e a contía das obrigas recoñecidas, son as inexecucións. Estes axustes son os que en termos previsionais, permiten avaliar o cumprimento da Regra de gasto no procedemento de aprobación do orzamento.

Ás inexecucións hai que engadir os axustes SEC pola contía de financiamento afectado.

En fase de liquidación do orzamento, xa non cabe falar de axustes por inexecucións, o gasto máximo do ano non pode superar o correspondente á Liquidación do ano precedente multiplicado pola TRCPIB, cos axustes que en cada caso procedan.

$$((\text{Gasto computable ano}_{(n)} / \text{Gasto computable}_{(n-1)}) - 1) \times 100 \leq \text{TRCPIB}_{(n)}$$

O marco orzamentario de medio prazo, está formado con cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de regra de gasto, de sostibilidade da débeda financeira e de débeda comercial.

En canto á variación dos gastos de persoal, a aplicación das actualizacións/revisións contidas no marco orzamentario, só serán aplicables se as Leis dos Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma para cada ano habilitan a revisión. En canto a Taxa de Reposición de Efectivos, non vai ter incidencia na contía das previsións, xa que nas dotacións están previstas todos os postos vacantes, polo tanto, as execucións das Ofertas de Emprego Público non suporá aumento nas previsións do gasto, aínda que si na execución.

Sobre as previsións de investimento, teñen a súa orixe na capacidade de aforro, é dicir, financiamento propio máis os convenios vixentes coa Excma. Deputación de Pontevedra, co Ministerio de Fomento e co FEDER polo Programa EDUSI, este capítulo está a reflectir, con algún axuste o contido do PAIF para eses anos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 22 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 61/142

En relación coa variación dos ingresos propios, a variación que se prevé é incluso menor que a que se ten materializado en anos precedentes.

Nas previsións dos ingresos pola cesión de Impostos e FCF, pola PICA e demais ingresos, as variacións previstas teñen fundamento na variación tendencial da economía española.

No marco orzamentario para o período 2020-2022, en canto as previsións de ingresos, ten un carácter conservador, mentres que no estado de gastos, adoptouse como sempre, o criterio de maior cobertura.

Os Plans orzamentarios de medio prazo elaborado para o período 2020-2022, serán enviados ao MINHAC para dar cumprimento ao requirimento dos mesmos antes do día 15/03/2019.

Darase conta ao Pleno da Corporación da Resolución adoptada pola Alcaldía.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O responsable superior contable e orzamentario (Resolución de data 25/02/2016): Luís García Álvarez

Fiscalización de conformidade, O Interventor Xeral Municipal : Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/04/2019 13:44

Páxina 23 de 23

Expediente 61/142

CSV: 2HEHCC-A2BFC3-82B75A-TCUFBV-LVCTR3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>